

3372 *REAL DECRETO 239/2000, do 18 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a regularización de estranxeiros prevista na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. («BOE» 43, do 19-2-2000, e «BOE» 59, do 9-3-2000.)*

A Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, establece un novo réxime da estranxeiría en España e fixa medidas tendentes a logra-la integración social dos estranxeiros no noso país.

A disposición transitoria primeira desta lei determina que o Goberno establecerá, mediante real decreto, o procedemento para a regularización dos estranxeiros que se encontren en territorio español antes do día 1 de xuño de 1999 e que acrediten ter solicitado nalgunha ocasión permiso de residencia ou traballo ou que o tiveren nos últimos tres anos.

Mediante este real decreto dáselle cumprimento ó mandato derivado da referida disposición transitoria, regulando un procedemento rápido e eficaz para a súa posta en práctica. O mesmo tempo, e pola súa conexión con este proceso, considerouse conveniente referirse a outros grupos de estranxeiros, tales como solicitantes de asilo a petición dos cales se atopase en trámite ou lles fose desestimada, ou familiares doutros estranxeiros que tamén se vaian acoller a el, e familiares de residentes estranxeiros ou de españois.

En cumprimento do anterior, logo de informe favorable da Comisión Interministerial de Estranxeiría, oído o Foro para a Integración Social dos Inmigrantes, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores, de Xustiza, do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de febreiro de 2000,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Poderán ser documentados cun permiso de traballo e residencia ou permiso de residencia, os estranxeiros que estean en España e que cumpran os seguintes requisitos:

1.º Encontrárense en España antes do 1 de xuño de 1999 e teren permanecido de forma continuada na dita situación.

2.º Teren sido titulares de permiso de traballo e residencia ou permiso de residencia nalgún momento dos últimos tres anos anteriores á entrada en vigor da Lei orgánica 4/2000, ou ben ter solicitado permiso de traballo e residencia ou permiso de residencia nalgunha ocasión ata o día 31 de marzo de 2000, inclusive.

3.º Non estaren incurso nalgunha das causas de expulsión que se establecen nos artigos 49.g) e 50 da Lei orgánica 4/2000, nin ter sido acordada a súa expulsión con anterioridade por algunha destas causas con base na Lei orgánica 7/1985, e o seu Regulamento de execución, e non teren prohibida a entrada en territorio español, salvo que a expulsión prescribise; nin teren proceso xudicial penal en curso, salvo que o interesado acredite o arquivo definitivo da causa xudicial ou o sobreseimento libre das actuacións.

2. Os estranxeiros que formalizasen a súa solicitude de asilo ata o 1 de febreiro de 2000, inclusive, e a petición se encuentre en trámite ou fose desestimada poderán

ser documentados cun permiso de traballo e residencia ou un permiso de residencia, sempre que reúnan os requisitos previstos no punto 1, parágrafos 1.º e 3.º

3. Os familiares dos estranxeiros ós que se refiren os puntos 1 e 2, así como os familiares dos estranxeiros que residan legalmente en España, que se encontren incluídos no artigo 17 da Lei orgánica 4/2000, poderán ser documentados cun permiso de residencia ou de traballo e residencia, sempre que reúnan os requisitos previstos no punto 1, parágrafos 1.º e 3.º

4. Os familiares de residentes comunitarios ou de españois que non posúan a nacionalidade dalgún dos estados membros das Comunidades Europeas, que se encontren incluídos no artigo 2 do Real decreto 766/1992, do 28 de xuño, sobre entrada, permanencia e traballo en España dos nacionais de estados membros da Unión Europea e outros estados partes no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, modificado polos reais decretos 737/1995, do 5 de maio, e 1710/1997, do 14 de novembro, poderán ser documentados, cunha tarxeta de residencia en réxime comunitario, se reúnen o requisito previsto no punto 1, parágrafo 1.º, e non se encontran incurso nalgunha das causas de expulsión do artigo 15 do Real decreto 766/1992, nin teñen prohibida a entrada en territorio español en virtude dunha previa expulsión por estas mesmas causas.

5. Cando a solicitude de permiso que se alegue para xustifica-lo dereito á regularización se encuentre en trámite, a presentación da solicitude de regularización implicará a suspensión do procedemento en curso, que proseguirá de non prospera-la solicitude de regularización ou se entenderá desistido en caso de resolución positiva desta.

Artigo 2. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes a que se refire o artigo 1 deste real decreto poderán presentalas os interesados nas oficinas de rexistro das correspondentes delegacións e subdelegacións do Goberno, así como nas dependencias administrativas que se habiliten para o efecto.

2. Así mesmo, estas solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros dos órganos administrativos a que se refire o punto 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, así como nas oficinas de Correos. Adoptaranse as medidas necesarias para facilita-la presentación a través das vías mencionadas.

3. Estableceranse mecanismos de colaboración coas organizacións non gobernamentais, asociacións de inmigrantes e organizacións sindicais na presentación de solicitudes.

4. O prazo de presentación de solicitudes comezará o 21 de marzo de 2000 e finalizará o 31 de xullo de 2000.

Artigo 3. *Documentación das solicitudes.*

1. Os estranxeiros que soliciten permiso de traballo e residencia deberán presenta-la seguinte documentación:

A) Solicitude debidamente cuberta, segundo o modelo aprobado polos centros directivos competentes dos Ministerios do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais.

B) Copia do pasaporte, cédula de inscrición ou documento de viaxe en vigor. No suposto de que o pasaporte estea caducado, deberán presentar copia deste e da solicitude de renovación.

C) Algún dos seguintes documentos:

- a) Copia do permiso de traballo e residencia ou copia do permiso de residencia.
- b) Copia de solicitude de permiso de traballo e residencia ou copia da solicitude de permiso de residencia.
- c) Copia de solicitude de asilo ou de resolución desestimatoria desta.

2. Os estranxeiros que soliciten permiso de residencia deberán presenta-la seguinte documentación:

A) Solicitude debidamente cuberta, segundo o modelo aprobado polos centros directivos competentes dos ministerios do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais.

B) Copia do pasaporte, cédula de inscrición ou documento de viaxe en vigor. No suposto de que o pasaporte estea caducado, deberán presentar copia deste e da solicitude de renovación.

C) Algún dos seguintes documentos:

- a) Copia do permiso de traballo e residencia ou copia do permiso de residencia.
- b) Copia de solicitude de permiso de traballo e residencia ou copia da solicitude de permiso de residencia.
- c) Copia de solicitude de asilo ou de resolución desestimatoria desta.

D) Declaración de medios de vida suficientes para o período de residencia que solicitan.

3. Os familiares previstos no punto 3 do artigo 1 deberán presenta-la seguinte documentación:

A) Solicitude debidamente cuberta, segundo o modelo aprobado polos centros directivos competentes dos Ministerios do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais.

B) Copia do pasaporte, cédula de inscrición ou documento de viaxe en vigor. No suposto de que o pasaporte estea caducado, deberán presentar copia deste e da solicitude de renovación.

C) Documentos acreditativos de que se encontran incluídos nalgunha das categorías previstas no artigo 17 da Lei orgánica 4/2000.

D) Xustificación de que o estranxeiro que dá dereito á petición solicitou ou obtivo permiso de traballo e residencia ou permiso de residencia.

4. Os familiares previstos no punto 4 do artigo 1 deste real decreto deberán presenta-la seguinte documentación:

A) Solicitude debidamente cuberta, segundo modelo aprobado polos centros directivos competentes dos ministerios do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais.

B) Copia do pasaporte, cédula de inscrición ou documento de viaxe en vigor. No suposto de que o pasaporte estea caducado, deberán presentar copia deste e da solicitude de renovación.

C) Copia da tarxeta de residencia ou do documento nacional de identidade do residente comunitario ou do español do que se é familiar e que serve de base para solicita-la documentación.

D) Acreditación de que se encontran incluídos nalgunha das categorías do artigo 2 do Real decreto 766/1992.

E) Documentación que acredite o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do residente comunitario ou español co que teñan o dito vínculo, cando se trate de descendentes maiores de vinteún anos ou ascendentes.

5. Tódolos estranxeiros incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, ademais do disposto nos puntos anteriores, deberán presentar documentación acreditativa de que se encontraban en España antes do día 1 de xuño de 1999 e de que permaneceron de forma continuada na dita situación.

Artigo 4. *Procedemento.*

1. A instrución e resolución dos expedientes realízarase segundo o disposto no Regulamento de execución da Lei orgánica 7/1985, aprobado polo Real decreto 155/1996, do 2 de febreiro, salvo as especialidades previstas neste real decreto, e sempre que non contradiga o contido da Lei orgánica 4/2000.

Nos expedientes de solicitude de tarxeta de residencia en réxime comunitario terase en conta o disposto no Real decreto 766/1992.

2. Se é o caso, de forma motivada, a Dirección Xeral de Ordenación das Migracións poderá avoca-lo coñecemento e resolución das solicitudes de permisos de traballo, de conformidade co previsto no artigo 94.3 do regulamento, aprobado polo Real decreto 155/1996. Nestes supostos, a resolución sobre a residencia será realizada pola Dirección Xeral da Policía —Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación.

3. As solicitudes de tarxetas ou permisos de residencia dos familiares incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, presentadas no territorio da Comunidade Autónoma de Madrid, serán instruídas pola Comisaría Xeral de Estranxeiría e Documentación e resoltas pola Delegación do Goberno en Madrid.

4. Nos casos en que sobre o solicitante exista acordo de expulsión con anterioridade por algunha das causas previstas na Lei orgánica 7/1985 e o seu regulamento de execución, aprobado polo Real decreto 155/1996, que non se prevexa como motivo de expulsión nos artigos 49.g) e 50 da Lei orgánica 4/2000, a autoridade gubernativa que dictou no seu día a expulsión acordará, por instancia do órgano que tramite o expediente sobre o permiso de residencia, a revogación da expulsión, como paso previo á concesión do oportuno permiso de traballo e residencia ou de residencia.

5. Se o solicitante ten prohibida a entrada en territorio Schengen como consecuencia dunha inscrición realizada no Sistema de Información Schengen, deberá instarse de oficio consulta previa á parte contratante que realizou a inscrición.

Non se concederá permiso de traballo e residencia ou permiso de residencia, cando a inscrición no Sistema de Información Schengen se producise por algunha das causas previstas no punto 1, parágrafo 3.º do artigo 1 deste real decreto.

6. En todo caso, verificarase a inexistencia de antecedentes penais, conforme o disposto no artigo 29.4 da Lei orgánica 4/2000.

7. Cando se trate de solicitudes de permisos de traballo e residencia, unha vez instruído o expediente, no que non será necesario informe gubernativo previo, dicatarse a correspondente resolución laboral que, no caso de ser positiva, permitirá a afiliación, alta e cotización á Seguridade Social.

O expediente remitiráselle á autoridade gubernativa para que resolva sobre o permiso de residencia, xunto co expediente de solicitude de permiso de residencia presentado polos familiares previstos no punto 3 do artigo 1 deste real decreto, se é o caso.

8. Procederá a denegación do permiso solicitado polos familiares dos estranxeiros ós que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 1 se a estes lles é denegada a solicitude formulada.

Artigo 5. *Permisos.*

1. Ós estranxeiros ós que se refiren os puntos 1, 2 e 3 do artigo 1, concederáselles algún destes permisos:

1.º Permiso de traballo e residencia de tipo b (inicial), se pretenden desenvolver actividades por conta allea e de tipo d (inicial) se se trata de conta propia.

En ningún destes casos se establecerán restricións de tipo xeográfico, sectorial ou profesional.

Non obstante, se acreditan teren sido titulares dun permiso de traballo e residencia, concederáselles un permiso do tipo máis favorable ó que tivesen.

2.º Permiso de residencia dun ano de duración. Non obstante, se acreditan teren sido titulares dun permiso previo de residencia, concederáselles un permiso do tipo máis favorable ó que tivesen.

2. Ós familiares a que se refire o punto 4 do artigo 1, concederáselles tarxeta de residente en réxime comunitario por cinco anos.

Artigo 6. *Seguimento do proceso.*

1. A Comisión Interministerial de Estranxeiría coordinará o seguimento das actuacións relativas ó proceso, e de forma especial as relativas á explicación e difusión do proceso, así como para a preparación dos mecanismos que permitan coñecer-lo perfil e os datos estatísticos, trala súa conclusión.

2. A Comisión de Fluxos Migratorios, Promoción e Integración Social dos Inmigrantes e Refuxiados, delegada da Comisión Interministerial de Estranxeiría, terá como funcións a dirección e supervisión do procedemento sinalado para a concesión dos permisos de traballo e residencia, e a elaboración de orientacións para a resolución de solicitudes.

3. A Comisión de Réxime de Estranxeiría, delegada da Comisión Interministerial de Estranxeiría, terá como funcións a dirección e supervisión do procedemento sinalado para a concesión dos permisos ou tarxetas de residencia, e a elaboración de orientacións para a resolución de solicitudes.

4. A Comisión Interministerial de Estranxeiría informará periodicamente o Foro para a Integración Social dos Inmigrantes sobre as características do proceso de regularización previsto neste real decreto, así como sobre o seu desenvolvemento.

Disposición adicional primeira. *Facultades de execución e desenvolvemento.*

Autorízanse os órganos competentes dos ministerios afectados para que adopten as medidas e dicten as instrucións necesarias para a execución e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Réxime regulador das limitacións xeográficas, sectoriais e de actividade dos permisos.*

As limitacións de carácter xeográfico, sectorial ou de actividade dos permisos de traballo b ou d inicial ou B ou D renovado, que se encontren en vigor na data de entrada en vigor deste real decreto, quedarán sen efecto.

Os permisos de traballo b ou d inicial que se concedan baseándose en solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, non terán limitacións de carácter xeográfico, sectorial ou de actividade.

Disposición adicional terceira. *Renovación dos permisos de traballo e residencia.*

Para a renovación dos permisos de traballo e residencia que estean en vigor na data de entrada en vigor deste real decreto, non se terán en conta as circunstancias previstas no punto 2 do artigo 78 do vixente

regulamento de execución da Lei orgánica 7/1985, aprobado polo Real decreto 155/1996.

Nesta renovación, os titulares dun permiso b inicial obterán un permiso C, os dun permiso d inicial obterán un permiso E, e os titulares dun permiso B renovado ou D renovado, C ou E, recibirán un permiso permanente.

Disposición adicional cuarta. *Taxa de expedición dos permisos de traballo.*

A taxa polos permisos de traballo por conta propia expedidos como consecuencia da aplicación deste real decreto queda fixada en 500 pesetas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 18 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 59, de data 9 de marzo de 2000.)

MINISTERIO DE XUSTIZA

3842 *REAL DECRETO 193/2000, do 11 de febreiro, de modificación de determinados artigos do Regulamento do Rexistro Civil en materia relativa ó nome e apelidos e orde deles. («BOE» 49, do 26-2-2000.)*

A Lei 40/1999, do 5 de novembro, deulle unha nova redacción ós artigos 109 do Código Civil e 54 e 55 da Lei do Rexistro Civil na materia relativa ó nome e apelidos e á orde destes. A disposición derradeira da mesma lei encoméndalle ó Goberno a modificación, nun prazo de tres meses, do Regulamento do Rexistro Civil no que resulte necesario para adecualo ó previsto na dita lei.

A finalidade do presente real decreto é esencialmente a do cumprimento estricto deste mandato legal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de febreiro de 2000,

DISPONGO:

Artigo único.

Os artigos do Regulamento do Rexistro Civil, aprobado por decreto do 14 de novembro de 1958, que se relacionan a continuación, terán a seguinte redacción:

«Artigo 192.

Non se poderán impoñer máis de dous nomes simples ou de un composto. Cuando se impoñan dous nomes simples, estes uníranse por un guión e ambos se escribirán con maiúscula inicial.